

Brinde virtual Día Movemento Viño DO con viños da D.O. Ribeira Sacra

O calendario do sector do viño con D.O. en España tiña unha cita este sábado, 9 de maio, co **brinde do #DíaMovementoViñoDO**. Sería o cuarto ano que se celebra este brinde colectivo pero a crise sanitaria impide a súa celebración presencial como en anos anteriores.

Desde o **Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra** quixemos manter esta cita polo que significa de posta en valor dos nosos viños e do traballo que denominacións de orixe, viticultores e adegas desenvolvemos na conservación e mantemento dos nosos territorios e do noso tecido económico.

O C.R.D.O.R.S. propón unha semana dedicada ao brinde Día movemento viño D.O. Do **6 ao 13 de maio** queremos compartir este brinde colectivo e animámosvos a enviarnos as vosas fotos, brindando con viño da D.O. Ribeira Sacra para difundilas nas redes e poñer en valor o traballo dos nosos viticultores e adegueiros. As fotos máis votadas recibirán premios que farán gozar aos seus autores das riquezas da Ruta do Viño de Ribeira Sacra, cando sexa posible.

Participar e Premios

Para participar só hai que enviar unha **foto por Whatsapp ao teléfono 647 59 57 47** entre o día 6 e as 00.00 do día 13 de maio. As fotos que deben de incluír brinde e botella de viño dunha marca da D.O. Ribeira Sacra publicaranse no [Facebook da D.O. Ribeira Sacra](#) cos hastags #BrindisMovimientoVinoDO #BrindisDORS. As 3 fotos que máis "Me gusta" reciban antes das 00.00 do día 13 de maio obterán premio. O sábado, 16 de maio, publicaranse os gañadores, que recibirán os seus premios en canto as circunstancias permitan gozar do enoturismo na Ruta do Viño de Ribeira Sacra.

Así os **premios** serán para dúas persoas:

- Comida ou cea nun restaurante da Ruta do Viño de Ribeira Sacra
- Aloxamento dunha noite e almorzo nun establecemento da Ruta do Viño de Ribeira Sacra.
- Visita guiada a adega da Ruta do Viño de Ribeira Sacra con cata completa dos seus viños.